

**FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE.
ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA LU-234. LUGO**

CLAVE: LU/25/087.06

1. Obxecto da Actuación

O presente proxecto ten por obxecto definir e valorar as obras necesarias para a construción dun itinerario peonil e ciclista na estrada LU-234, entre os puntos quilométricos (pp.qq.) 3+350 e 4+630, coa creación dunha senda segura de uso compartido peonil e ciclista entre os núcleos rurais da Ponte e Riazón, na parroquia de San Martiño de Ombreiro, concello de Lugo.

2. Plan de Estradas

A estrada LU-234 encadrase na rede convencional local da rede de estradas de Galicia.

3. Descrición da Actuación

As obras consisten na execución dunha senda de uso compartido peonil e ciclista, en paralelo á estrada LU-234, pola súa marxe esquerda, entre os pp.qq. 3+350 e 4+630 e mantendo o mesmo trazado. Ademais amplíase o carril contiguo á senda (pasa a ter 3,00 m de ancho) e crease unha nova beiravía (0,50 m); executaranse 3 muros de coeira e mellorarase a accesibilidade dunha parada de autobús existente no p.q. 4+490.

4. Características técnicas

Sección tipo:

Senda: 2,50 m incluído o bordo de 0,22 m

Beiravía: 0,50 m

Carril: 3,00 m

Firmes e pavimentos:

-Senda: irá elevada uns 10 cm sobre a cota da estrada; o firme estará formado por pavimento bicapa (14 cm), capa inferior de 8 cm de formigón sen colorante e capa superior de 6 cm en cor terrizo. As zonas de cruzamento con outros viais executaranse con pavimento táctil, indicador de proximidade a zonas de perigo.

-Accesos a vivendas e naves: 20 cm de formigón sen colorear e mallazo electrosoldado de 15x15x10.

-Carril contiguo á senda e beiravía: subbase de saburra artificial (30 cm), capa intermedia de mestura bituminosa en quente (MBQ) tipo AC22 bin 50S (5 cm) e capa de rodadura de MBQ tipo AC16 surf BC 50/70 S (5 cm); coas correspondentes regas de imprimación ou adherencia entre as distintas capas.

Drenaxe:

A rede de drenaxe proxectada debe recoller as augas de escorrenta tanto da calzada e a senda como dos noiros de desmonte. Disporanse sumidoiros que desaugan as augas da plataforma aos colectores baixo a beirarúa. Colocaranse colectores de PVC de Ø variable (315 e 630 mm) conectados por tuberías tamen de PVC de 160 mm de Ø.

En canto á drenaxe transversal prevese a ampliación dos tubos existentes nos pp.qq. 3+714, 3+742 e 3+754 respetando as súas seccións mentras que as restantes ODT's substituiranse por tubos de Ø 600mm, un marco de 2 x 1 m e dous tubos de 800 mm.

Estruturas:

Construiranse tres muros de mampostería para a contención de desmontes e sostemento de terraplens:

- Do p.q. 3+623 a 3+631 pola marxe esquerda de 1,1 m de altura máxima e 8 m de lonxitude.

- Do p.q. 3+883 a 3+621 pola marxe esquerda de 1,2 m de altura máxima e 38 m de lonxitude.

- Do p.q. 4+600 a 4+618 pola marxe dereita de 1,2m de altura máxima e 17,8 m de lonxitude.

5. Poboación Servida

Lugo 100.143 hab.

TOTAL: 100.143 hab.

6. Concellos Afectados

Lugo

7. Expropiacións

As actuacións contempladas neste proxecto afectan a un total de 20 parcelas (1.772,83 m²), no concello de Lugo.

Expropiación 32.303,80 €

Bens Afectados 1.508,00 €

Premio de afección (5%) 1.690,59 €

Orzamento Total Expropiacións 35.502,39 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.



9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE): 834.316,97 €

Orzamento de Expropiacións e bens afectados 35.502,39 €

Orzamento para coecemento da administración: 869.819,36€

PLANO DE SITUACIÓN



SECCIONES TIPO

